### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

- 1. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ¿Que lingua utilizarán os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma con lingua propia que sexa cooficial nela?
  - a) Necesariamente o castelán
  - b) Necesariamente a lingua que sexa cooficial nela
  - c) O castelán e a lingua que sexa cooficial nela
  - d) A Lei 39/2015 establece a lingua que debe usar a Administración Xeral do Estado pero non a lingua que utilizarán os interesados que se dirixan aos órganos
- 2. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que den lugar efectuaranse con:
  - a) O representante ou o interesado que figure en primeiro termo
  - b) O representante ou o interesado que expresamente sinalaran, e, no seu defecto, co que figure en primeiro término
  - c) Neste caso débense cursar tantos escritos como interesados
  - d) Necesariamente débese sinalar un representante
- 3. Respecto do "inicio do procedemento a solicitude do interesado", a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os interesados soamente poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial, cando non prescribira o seu dereito a reclamar ¿Cando prescribirá o dereito a reclamar?
  - a) Aos seis meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo
  - b) Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo
  - c) Aos dous anos de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo
  - d) Aos tres anos de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

- 4. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento impulsarase de oficio en tódolos seus trámites, sometido ao principio de:
  - a) celeridade
  - b) economía
  - c) eficiencia
  - d) mínima afectación das competencias
- 5. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na instrución do procedemento, os interesados poderán aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo:
  - a) en calquera momento do procedemento
  - b) en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia
  - c) en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de resolución
  - d) unha vez iniciado, non poderán facelo
- 6. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, respecto da finalización do procedemento, ¿Cal das seguintes porán fin ou producirá a terminación do procedemento?
  - a) a resolución
  - b) a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas
  - c) a declaración de caducidade
  - d) todas elas
- 7. Segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ¿Cal dos seguintes NON son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?
  - a) a Presidencia da Xunta de Galicia
  - b) as consellerías
  - c) a vicepresidencia ou vicepresidencias
  - d) as xefaturas territoriais

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 8. Segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) a encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio
- b) a encomenda de xestión supón cesión da titularidade da competencia
- c) a encomenda de xestión supón cesión dos elementos substantivos do seu exercicio
- d) ningunha das restantes respostas é correcta

### 9. A Lei 9/2017, de contratos do sector público ten por obxecto:

- a) a regulación do réxime xurídico aplicable soamente aos contratos laborais
- b) a regulación do réxime xurídico aplicable aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos
- c) a regulación do réxime xurídico aplicable aos efectos das convocatorias de emprego do sector público
- d) a regulación do procedemento administrativo do sector público

### 10. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿Que é o "Contrato de concesión de obras"?

- a) É un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións do "contrato de obras" establecido nesta Lei
- b) Non existe este contrato
- c) Tódolos contratos consistentes na execución material dun proxecto de obras son "Contratos de concesión de obras"
- d) A concesión só poderá realizarse despois de recibir as obras a administración contratante

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

11. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público, os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público, salvo que xa se encontren recollidas nos pregos, deberán incluír, necesariamente, unha serie de mencións ¿cal das seguintes mencións NON é unha delas?

- a) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato
- b) O prezo estimado
- c) As condicións de pago
- d) Os supostos nos que procede a resolución
- 12. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿que ocorre, salvo os supostos de emerxencia, ante a carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes Administracións Públicas suxeitas a esta Lei?
  - a) Serán inválidos estes contratos
  - b) Serán nulos de pleno dereito estes contratos
  - c) Aprazarase a execución do contrato ata contar co crédito suficiente e adecuado
  - d) Consignarase o crédito correspondente antes da finalización do contrato ao obxecto de non entorpecer o pago dos mesmos
- 13. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público, poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constituían temporalmente ao efecto ¿Cando será necesaria a formalización das mesmas en escritura pública?
  - a) Antes de presentarse á convocatoria do concurso
  - b) Cando resulte admitido pola Mesa de contratación
  - c) Cando se efectuara a adxudicación do contrato ao seu favor
  - d) Cando se certifique a primeira unidade de obra.

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

## 14. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿Que ocorrerá si durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se se producise a modificación da composición da unión temporal da empresas?

- a) Que esta quedará excluída do procedemento
- b) Que esta, co nova composición, asume as obrigas en igualdade de condiciones
- c) Non afecta dado que non se elevan a escritura pública ata a formalización do contrato
- d) Estarase ao que indique o prego de condicións administrativas particulares

### 15. Sinala a resposta CORRECTA en relación ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER):

- a) o Feader non pode proporcionar apoio á inversión para empresas e proxectos rurais
- b) o FEADER é un Fondo Estrutural Europeo de Inversión
- c) o Feader non pode proporcionar apoio a través de préstamos nin garantías
- d) o Feader non contribúe ao financiamento dos Programas de Desenvolvemento Rural (PDR)

### 16. Sinala cal dos seguintes é un obxectivo do FEDER:

- a) a inversión en crecemento e emprego, que está orientada a fortalecer o mercado laboral e as economías rexionais
- b) evitar a cooperación territorial europea
- c) diminuír a cooperación transfronteiriza dentro da unión
- d) Aumentar a Competitividade da agricultura e a silvicultura

### 17. O Fondo europeo (FEMPA), (sinala a resposta CORRECTA):

- a) é o novo fondo europeo para a integración das políticas agrícola e ambiental
- b) é o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e substitúe ao Fondo Europeo de Pesca (FEMP)
- c) é o actual fondo europeo de medio ambiente e protección ambiental
- d) protexer e restaurar a biodiversidade non figura entre as súas prioridades

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 18. Sinala a resposta correcta en relación ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:

- a) Os programas nacionais e rexionais de desenvolvemento rural (PDR) fináncianse polo FEADER exclusivamente, non existindo achega por parte dos estados membros
- b) a utilización do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) axústase aos obxectivos e ao marco estratéxico da política autonómica
- c) O FEADER contribúe, entre outros, a mellorar a Competitividade da agricultura e a silvicultura.
- d) O FEADER non é un instrumento financeiro da Política Agraria Común

19.Cal das seguintes NON é unha medida das contempladas no capítulo I do Regulamento delegado (UE) 807/2014 que establece disposicións que completan o Regulamento (UE) 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader):

- a) Forestación e creación de superficies forestais.
- b) Cooperación
- c) Iniciativas ecoturísticas en materia enolóxica
- d) Conservación de recursos xenéticos en agricultura e silvicultura

20. No contexto da medida de reforestación e creación de superficies forestais, segundo o artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 807/2014 que establece disposicións que completan o Regulamento (UE) 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ¿cal dos seguintes requisitos medioambientais mínimos é de aplicación?:

- a) Plantación de especies leñosas de calquera tipo cando as condicións medioambientais ou climáticas dificultosas non posibiliten o establecemento dunha cuberta forestal, definida como tal na lexislación concreta do Estado membro.
- b) A selección de especies, variedades, ecotipos e procedencias das árbores tendo en conta unicamente a súa adaptación ao cambio climático.
- c) A selección de especies para reforestar hábitats sensibles como turbeiras ou zonas húmidas.
- d) Todas as respostas son correctas

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

- 21. Cal das seguintes se corresponde coa definición de sector alimentario que recolle o artigo 5 da Lei 9/2013 do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria:
  - a) conxunto de sectores produtivos agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, así como os de transformación e distribución dos seus produtos.
  - b) conxunto de sectores produtivos agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, excluíndo os de transformación e distribución dos seus produtos.
  - c) conxunto de sectores produtivos agrícola, gandeiro, e pesqueiro, así como os de transformación dos seus produtos.
  - d) conxunto de sectores produtivos agrícola, gandeiro, e forestal, así como os de distribución dos seus produtos.
- 22. Segundo a Lei 9/2013 do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, durante canto tempo teñen os operadores da cadea alimentaria a obriga de conservar a correspondencia, documentación e xustificantes relacionados cos contratos alimentarios?
  - a) 1 ano
  - b) 10 anos
  - c) 4 anos
  - d) 15 días
- 23. De acordo ao artigo 3 da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos alimentarios, cales das seguintes estipulacións deben incluírse nos contratos tipo agroalimentario para ser homologados?
  - a) identificación das partes contratantes
  - b) prezos e condicións de pago
  - c) obxecto do contrato
  - d) todas son certas

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

## 24. En relación ao artigo 2 da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos alimentarios, sinala a resposta correcta en relación aos contratos tipo alimentarios:

- a) enténdese por contrato tipo agroalimentario aquel que se refire a operacións de tráfico comercial de produtos que non están no sistema agroalimentario.
- b) poderán ser obxecto de contrato tipo agroalimentario só unha parte moi reducida dos produtos alimentarios.
- c) só poderá homologarse un contrato tipo agroalimentario por produto
- d) a homologación dos contratos tipo agraolimentarios obtense do Ministerio de Presidencia

### 25. Cal é o obxecto da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro reguladora dos contratos tipo de produtos alimentarios?

- a) regular a homologación dos contratos tipo agroalimentarios cuxo ámbito de aplicación se estenda a máis dunha Comunidade Autónoma
- regular a homologación dos contratos tipo agroalimentarios cuxo ámbito de aplicación se estenda a unha única Comunidade Autónoma
- buscar a heteroxeneidade dos contratos tipo agroalimentarios cuxo ámbito de aplicación se estenda a máis dunha Comunidade Autónoma
- d) buscar a heteroxeneidade n dos contratos tipo agroalimentarios cuxo ámbito de aplicación se estenda a unha única Comunidade Autónoma.

### 26. ¿Que se entende por produtos lácteos?

- a) soamente o leite
- b) aqueles que resultan da transformación do leite cru, ou da manipulación subseguinte de tales produtos transformados
- c) todos aqueles produtos que non son cárnicos
- d) os que se obteñen do muxido de animais e se gardan na neveira

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 27. No proceso de elaboración de derivados lácteos pode obterse algún destes produtos. Sinala a INCORRECTA:

- a) iogur
- b) queixo
- c) salsa maonesa
- d) requesón

## 28. Un dos procesos máis empregados polas empresas galegas para a conservación do leite é o UHT. Sinala a resposta INCORRECTA, en relación a esta técnica:

- a) Son as siglas de ultra avanzada técnica (ultra hight technique)
- b) Somete o leite a temperaturas de entre 135° e 140° C
- c) destrúe os microorganismos patóxenos e as formas esporadas.
- d) permite a conservación do leite en perfecto estado sempre que o envase este pechado.

## 29. Cal das seguintes tecnoloxías de produción vitícola supón unha mellora do coñecemento e das posibilidades de desenvolvemento do sector vitivinícola galego?

- a) a implantación de técnicas de viticultura de precisión.
- b) o estudo de diferentes sistemas de xeometría da plantación
- c) a avaliación de distintos sistemas de poda
- d) todas son correctas

### 30. Sinala a resposta CORRECTA en relación á fase de fermentación maloláctica na elaboración do viño:

- a) consiste nunha segunda fermentación para axustar a acidez do viño
- b) nela desencadéase a fermentación do ácido málico
- c) as respostas a e b son certas
- d) as respostas a e b son falsas

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 31. Sinala a resposta FALSA en relación ás fases requiridas durante a elaboración dun viño:

- a) na fase de prensado extráese o mosto por medio da presión exercida sobre as uvas.
- b) a fase de prensado é a última no proceso de elaboración, e ocorre xusto antes do embotellado.
- c) logo de prensarse sepárase o mosto das partículas máis grosas
- d) a fermentación alcohólica realízase a temperaturas controladas en torno aos 18°C

### 32. ¿Cal das seguintes NON é unha raza de vacún autóctona de Galicia con aptitude para produción cárnica?

- a) cachena
- b) rubia de Mos
- c) rubia galega
- d) caldelá

### 33. Sinala cal das seguintes é unha das eivas da industria cárnica de Galicia:

- a) boa imaxe dos produtos galegos
- b) a industria cárnica galega produce principalmente produtos frescos e refrixerados de escaso valor engadido, o que lastra a súa rendibilidade e competitividade
- c) riqueza de razas autóctonas de aptitude cárnica
- d) recoñecemento e notoriedade de marca a nivel nacional

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 34. A efectos do disposto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, terán a consideración de edificación as seguintes obras:

- a) obras de edificación de nova construción, incluíndo aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta
- b) obras de edificación de nova construción, excluíndo aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta
- c) obras que teñan o carácter de intervención parcial en edificacións non catalogadas
- d) todas as intervencións sobre os edificios existentes, aínda que non alteren a configuración arquitectónica

### 35. Sinala a resposta CORRECTA. Segundo o artigo 3 da Lei Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, son requisitos básicos da edificación:

- a) accesibilidade
- b) protección fronte ao ruído
- c) acceso aos servizos de telecomunicación
- d) todas son certas

## 36. A teor do disposto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, cal dos seguintes NON é un axente que intervén no proceso da edificación?

- a) o promotor
- b) o concelleiro de obras
- c) o director de execución da obra
- d) o proxectista

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 37. Sinala a resposta CORRECTA en relación ao Código Técnico da Edificación (CTE):

- a) a esixencia básica HS 4 é a relativa a seguridade fronte ao risco de caídas
- b) a esixencia básica HS 4 é a relativa a evacuación de ocupantes
- c) a esixencia básica HS 4 é a relativa a subministro de auga
- d) a esixencia básica HS 4 é a relativa a limitación do consumo enerxético

### 38. Segundo o CTE, sinala a resposta CORRECTA en relación á evacuación de augas (esixencia básica HS 5):

- a) os edificios disporán de medios adecuados para extraer as augas residuais xeradas neles de forma independente ou conxunta coas precipitacións atmosféricas e coas escorrentas.
- b) os edificios disporán de medios adecuados para extraer as augas residuais xeradas neles pero non as xeradas coas precipitacións atmosféricas e coas escorrentas.
- c) os edificios non teñen por que dispor de medios adecuados para extraer as augas residuais xeradas neles, pero será un criterio valorable nas contratacións públicas
- d) o CTE non indica nada relativo á evacuación das augas.

### 39. Sinala a resposta FALSA en relación á esixencia básica HS4- subministro de auga do CTE:

- a) os edificios disporán de medios adecuados para subministrar ao equipamento hixiénico previsto auga apta para o consumo de forma sostible.
- b) os equipos de produción de auga quente dotados de sistemas de acumulación e dos puntos terminais de utilización terá unhas características tales que eviten o desenvolvemento de xermes patóxenos.
- c) os edificios deben dispor dos medios adecuados para non alterar as propiedades e aptitude da auga para o consumo interno, pero non terán por que impedir posibles retornos que podan contaminar a rede.
- d) os edificios incorporarán medios que permitan o aforro e o control do caudal da auga.

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 40. Sinala a resposta CORRECTA, segundo o CTE:

- a) o edificio contará cos medios necesarios para contar cun lugar seguro dentro do mesmo, pero non debe dispor de medios de evacuación, porque de eso encárgase o 112 cando hai unha emerxencia.
- b) o edificio non ten por que dispoñer de medios de evacuación do mesmo nin de ningún lugar seguro no seu interior.
- c) o edificio só disporá dos medios de evacuación adecuados para facilitar que os ocupantes poidan abandonalo, xa que unha vez que se produce unha emerxencia non pode haber sitios seguros dentro da edificación.
- d) o edificio disporá dos medios de evacuación adecuados para facilitar que os ocupantes podan abandonalo ou alcanzar un lugar seguro dentro do mesmo en condicións de seguridade.

### 41. Segundo os criterios de aplicación do DB-HE a edificios existentes. Sinalar a resposta INCORRECTA:

- a) Buscarase o maior grao de adecuación posible en edificios de valor arquitectónico
- b) Buscarase o maior grao de adecuación posible cando as solucións de aplicación non sexan técnica ou economicamente viables
- c) Poderán empeorarse condicións preexistentes menos esixentes que as establecidas
- d) Poderán empeorarse condicións existentes máis esixentes que as establecidas

### 42. O DB HE 5 estable a obrigatoriedade de incorporar sistemas de xeración eléctrica procedente de fontes renovables no seguinte caso:

- a) Edificio existente de máis de 3000 m² que cambia de uso característico
- b) Edificio de nova construción e ampliacións de existentes que superen ou incrementen a súa superficie en máis de 5000 m²
- c) Edificios de nova construción de máis de 5000 m²
- d) Edificio existente que cambia a súa envolvente e ten máis de 3000 m²

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 43. A sinalización das conducións das instalacións segundo o RITE, deben realizarse:

- a) É suficiente con colocar frechas indicando o sentido de circulación.
- b) É suficiente con colores distinguindo a temperatura dos fluídos
- c) Con elementos que soporten as temperaturas
- d) Segundo a norma UNE 100100.

### 44. Segundo se indica no RITE, un equipo autónomo de xeración de calor é:

- a) Un equipo que conten todos os elementos para producir calor dentro dun único cerramento, preparado para instalar no exterior do edificio e realizar o mantemento dende o exterior do mesmo.
- b) Un equipo que contén todos os elementos para producir calor.
- c) Un equipo que contén todos os elementos para producir calor dentro dun único cerramento.
- d) Un equipo que produce calor por si mesmo.

### 45. Segundo o ITC-BT-04 Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, ¿ Quen redactará e asinará o proxecto de instalación?

- a) Por un técnico titulado competente
- b) Polo Instalador de categoría especialista
- c) Por calquera dos dous anteriores
- d) Por ambas figuras

### 46. Segundo o artigo 49 da Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia, os proxectos de interese autonómico teñen unha vixencia:

- a) Quinquenal
- b) Decenal
- c) Virá definida no propio proxecto
- d) Indefinida

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

## 47 ¿Cal dos seguintes obxectos NON se contempla dentro das actuacións a planificar nos proxectos de interese autonómico, segundo o artigo 40 da Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia?

- a) Creación de solo destinado á realización de actividades económicas
- b) Implantación de dotacións urbanísticos (equipamentos e infraestruturas)
- c) Creación de solo destinada a vivendas protexidas.
- d) Creación de solo destinado a fins paisaxísticos

### 48. Segundo o artigo 26 da Lei 2/2016 Lei do Solo de Galicia, son actuacións incompatibles no núcleo rural:

- a) As novas instalacións destinadas á produción gandeira
- b) As edificacións e usos característicos de zonas urbanas
- c) As naves industriais
- d) Todas as actuacións son incompatibles

## 49. Segundo se indica no artigo 43 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental de Galicia, a vixencia dunha declaración de impacto ambiental dun proxecto ou actividade finalizará:

- a) Cando non se inicie a execución do proxecto ou actividade despois de 1 ano dende a súa aprobación.
- b) Cando non se inicie a execución do proxecto ou actividade transcorridos catro anos dende a publicación no Boletín Oficial do Estado
- c) Cando o concello afectado aprobe en pleno dita declaración de impacto ambiental
- d) Non é certa ningunha das anteriores.

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

50. Segundo o artigo 21 do RDL 1/2016 TR Lei de prevención e control integrados da contaminación, a resolución para outorgar a autorización ambiental integrada dunha actividade ou instalación, será emitida por resolución do órgano competente no prazo máximo de:

- a) 6 meses
- b) 3 meses
- c) 2 meses
- d) 1 ano

### 51. Sinala a resposta INCORRECTA en relación aos redondeos no programa PRESTO:

- a) os redondeos de cantidades dependen da natureza do concepto superior
- b) Presto permite establecer o número de decimais desexado para os distintos tipos de cantidades e prezos
- c) en Presto non hai opción de traballar sen redondeos
- d) nas cantidades de capítulos e subcapítulos non se definen redondeos, xa que sempre é a unidade.

### 52. Cal dos seguintes é un tipo de coordenadas utilizadas en Autocad?

- a) decimais
- b) relativas
- c) métricas
- d) subcentimétricas

### 53. Sinala a resposta INCORRECTA en relación ás coordenadas no programa Autocad:

- a) as coordenadas relativas defínense respecto a outro punto, dentro do espazo de traballo, que é distinto da orixe das coordenadas.
- b) as coordenadas absolutas danse en referencia aos eixos XY do debuxo, que sería o orixe das coordenadas.
- c) no formato de coordenadas polares emprégase o símbolo #
- d) as coordenadas absolutas tamén se denominan cartesianas

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 54. Que é a ruta crítica nun diagrama de PERT?

- a) a ruta entre o primeiro e o último evento do proxecto incluídas todas as tarefas e as duracións do proxecto, que en total suman a duración máis longa do proxecto.
- b) a maneira máis difícil de facer o proxecto
- c) a ruta na que coinciden dúas tarefas
- d) a ruta na que é preciso introducir unha modificación do proxecto pola dificultade que implica seguila

# 55. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece unha serie de dereitos que forman parte do dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo ¿cal dos seguintes NON é un deles?

- a) formación en materia preventiva
- b) desenvolvemento da carreira profesional dentro da empresa
- c) paralización da actividade en caso de risco grave e inminente
- d) vixilancia do seu estado de saúde

## 56. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais ¿que di que fará o empresario cando os traballadores deban acceder ás zonas de risco grave e específico?

- a) Que adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que so os traballadores que recibiran información suficiente e adecuada poidan acceder a estas zonas
- b) Que adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que ningún traballador deba acceder a estas zonas
- c) Non di nada xa que se entende que será a actividade normal dese posto de traballo
- d) Que nunca accederán a estas zonas de forma individual

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

## 57. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral unha serie de documentación ¿cal das seguintes non é unha delas?

- a) Plan de prevención de riscos laborais
- b) Planificación da actividade preventiva, incluídas as medidas de protección e de prevención a adoptar e, no seu caso, material de protección que deba utilizarse
- c) Listado de traballadores coa descrición da tarefa e a formación de cada un deles
- d) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causaran ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo

## 58. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, no cumprimento do deber de prevención de riscos profesionais ¿que fará o empresario?

- a) designará un ou varios traballadores para ocuparse de dita actividade
- b) constituirá un servizo de prevención
- c) concertará dicho servizo cunha entidade especializada allea a empresa
- d) as tres respostas anteriores son correctas

# 59. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o Estudio de Seguridade e Saúde conterá, como mínimo, unha serie de documentos ¿cal dos seguintes NON é un deles?

- a) Memoria descritiva dos procedementos, equipos técnicos e medios auxiliares que deban de utilizarse ou cuxa utilización poda preverse
- Prego de condicións particulares no que se terán en conta as normas legais e regulamentarias aplicables ás especificacións técnicas propias da obra de que se trate
- c) Proxecto de execución da obra visado polo colexio correspondente
- d) Orzamento que cuantifique o conxunto de gastos previstos para a aplicación e execución do estudio de seguridade e saúde

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

60. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade de saúde nas obras de construción, efectuada unha anotación no libro de incidencias ¿quen deberá notificala ao contratista afectado e aos representantes dos traballadores deste?

- a) O promotor
- b) O coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, cando non sexa necesaria a designación de coordinador, a dirección facultativa
- c) O supervisor de proxectos
- d) O xefe de obra

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### PREGUNTAS DE RESERVA

- 1. Segundo os Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. ¿quen está facultado para variar o domicilio social, así como para establecer, modificar ou suprimir oficinas, sucursais e axencias, representacións ou dependencias en calquera lugar?
  - a) O Consello de la Xunta de Galicia
  - b) A persoa titular da Consellería de Hacienda
  - c) A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda
  - d) O Consello de Administración
- 2. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿Cal das seguintes persoas nn poderán contratar coa Administración Xeral do Estado?
  - a) As que foran condenadas mediante sentencia firme por delitos de terrorismo.
  - b) As que foran condenadas mediante sentencia firme por delitos de trata de seres humanos.
  - c) As que foran condenadas mediante sentencia firme por delitos de malversación.
  - d) Ningunha delas
- 3. O Plan Estratéxico da PAC en España é un documento que inclúe as intervencións ou medidas que se aplicarán coa finalidade de dar respostas aos obxectivos da PAC e do Pacto Verde Europeo, ¿En que período concreto se vai aplicar?
  - a) 2022-2028
  - b) Ata 2030 en virtude da recente Axenda 2030
  - c) 2023-2027
  - d) Aínda non é de aplicación ata o remate do período do PDR de Galicia

### POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMENTO FINANCEIRO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3)

### 4. Sinala a resposta CORRECTA en relación ao Código Técnico da Edificación:

- a) O Código Técnico da Edificación, é o marco normativo polo que se regulan as esixencias básicas de calidade que deben cumprir os edificios, incluídas as súas instalacións, para satisfacer os requisitos básicos de seguridade e habitabilidade.
- b) O Código Técnico da Edificación será de aplicación soamente ás edificacións públicas.
- c) O Código Técnico da Edificación será de aplicación soamente ás edificacións privadas.
- d) as respostas b e c son certas.

### 5. Cal dos seguintes é un tipo de coordenadas utilizadas en Autocad:

- a) absolutas
- b) relativas
- c) polares
- d) todas son correctas

### PUESTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMIENTO FINANCIERO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Ingeniería Industrial o equivalente (MECES 3)

- 1. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas ¿Qué lengua utilizarán los interesados que se dirijan a los órganos de la Administración General del Estado con sede en el territorio de una Comunidad Autónoma con lengua propia que sea cooficial en ella?
  - a) Necesariamente el castellano.
  - b) Necesariamente la lengua que sea cooficial en ella.
  - c) El castellano y la lengua que sea cooficial en ella.
  - d) La ley 39/2015 establece la lengua que debe usar la Administración General del Estado pero no la lengua que utilizarán los interesados que se dirijan a sus órganos.
- 2. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, cuando en una solicitud, escrito o comunicación figuren varios interesados, las actuaciones a que den lugar se efectuarán con:
  - a) El representante o el interesado que figure en primer término.
  - b) El representante o el interesado que expresamente hayan señalado, y, en su defecto, con el que figure en primer término.
  - c) En este caso se deben cursar tantos escritos como interesados.
  - d) Necesariamente se debe señalar un representante.
- 3. Respecto del "inicio del procedimiento a solicitud del interesado", la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, establece que los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial, cuando no haya prescrito su derecho a reclamar ¿Cuándo prescribirá el derecho a reclamar?
  - a) A los seis meses de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo
  - b) Al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo
  - c) A los dos años de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo
  - d) A los tres años de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo

### PUESTOS: TÉCNICO SUPERIOR ASESORAMIENTO FINANCIERO (15-TS-AF-EI) (1L)

Perfil: Ingeniería Industrial o equivalente (MECES 3)

- 4. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, el procedimiento se impulsará de oficio en todos sus trámites, sometido al principio de:
  - a) celeridad
  - b) economía
  - c) eficiencia
  - d) mínima afectación de las competencias
- 5. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, en la instrucción del procedimiento, los interesados podrán aducir alegaciones y aportar documentos u otros elementos de juicio:
  - a) en cualquier momento del procedimiento
